

**DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO**  
**SERVIZO DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN**

Rúa de San Lázaro, s/n,  
15781 Santiago de Compostela

***Asunto: Alegacións ao ANUNCIO do 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada e o estudo de impacto ambiental para unha planta de produción de hidróxeno verde no encoro de Touro, concello de Vila de Cruces (Pontevedra). Titular Tasga Renovables, S.L. (expediente 2023-IPPC-I-34), DOG Núm. 149, de 7 de agosto de 2023***

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI. N<sup>o</sup>.  
\_\_\_\_\_ e con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_

**EXPÓN:**

Á vista do ANUNCIO do 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada e o estudo de impacto ambiental para unha planta de produción de hidróxeno verde no encoro de Touro, concello de Vila de Cruces (Pontevedra). Titular Tasga Renovables, S.L. (expediente 2023-IPPC-I-34), DOG Núm. 149 , de 7 de agosto de 2023, por medio do preente escrito presenta as seguintes

**ALEGACIONES:**


**I.- A INIDÓNEA LOCALIZACIÓN DO PROXECTO DA PLANTA DE PRODUCCIÓN DE HIDRÓXENO NO ENCORO DE TOURO**

En menos de 5 quilómetros do Río Ulla existen concentrados 3 encoros: Portodemouros, Brandariz e Touro. A planta de hidróxeno prevese ubicar no encoro de Touro. O encoro de Portodemouros ademais conta con unha pésima xestión paisaxística, unha subestación transformadora de importantes dimensións e unha mina a ceo aberto sin restaurar ao carón. O impacto paisaxístico do conxunto é severo e brutal.

O encoro de Brandariz tamén conta con unha subestación de dimensións menores na ribeira do Ulla e o de Touro segue a mesma configuración.

Ao anterior hai que engadir as liñas eléctricas de evacuación que cruzan os encoros, o río Ulla e as que circulan paralelas a este.

O encoro de Touro ten autorizada a deriva dun caudal máximo de 60.000 l/s (*RESOLUCIÓN do 31 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autoriza e apróbase o proxecto de execución do modificado das instalacións electromecánicas do aproveitamento hidroeléctrico no río Ulla da central do salto número 2 de Touro, a explotar pola empresa Patrimonio Hidroeléctrico de Galicia, S.L. nos concellos de Touro (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), recoñecéndoselle a condición de instalación acollida ao réxime especial de produción eléctrica, DOG Núm. 146, de 30 de xullo de 2007*).



Detalle da distancia de 5 quilómetros desde o encoro de Portodemouros ao encoro de Touro, no río Ulla




Detalle do feísmo paisaxístico do encoro de Portodemouros e da entorna, con unha subestación de importantes dimensións e unha mina a ceo aberto sin restaurar. Ao anterior hai que engadir a plantación descontrolada de eucalipto nas ribeiras do encoro, con unha xestión paisaxística e ambiental pésima.





Detalle da Central hidroeléctrica de Brandariz, no Río Ulla e liña eléctrica de alta tensión e subestación



Detalle da Central hidroeléctrica de Touro, a 2,38 quilómetros do encoro de Brandariz



Detalle da parcela indicada no proxecto como localización da planta de hidróxeno se ben a afección superficial é moito maior e esténdese ao propio cauce do río Ulla

Referencia catastral

36059A071002610000MK

Localización

Polígono 71 Parcela 261

CODESEIRA. VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)

## **II.- FALLA DE AVALIACIÓN AMBIENTAL SINÉRGICA E ACUMULADA DA TOTALIDADE DOS IMPACTOS AMBIENTAIS DERIVADOS DA EXISTENCIA EN CADENA DE OITO (8) ENCOROS NO RÍO ULLA E A PLANTA DE HIDRÓXENO PROXECTADA**

Por Orde ministerial do 10 de novembro de 1962 outorgouse á sociedade denominada Hidroeléctrica Moncabril, S.A., unha concesión para o aproveitamento integral da conca do río Ulla mediante a construción de oito saltos denominados Belmil, Portodemouros, Ledesma, Lamas, Fornelos, San Paio, Pereiro e Padrón, nos concellos de Antas de Ulla e Palas de Rei en Lugo, Arzúa, Boqueixón, Melide, Padrón, Santiso, Touro, Teo e Vedra na provincia da Coruña, e Agolada, A Estrada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces na de Pontevedra. De todos eles só levou a cabo o de Portodemouros.

A anterior concesión foi transferida, tamén por Orde ministerial do 8 de outubro de 1971, a favor da sociedade Unión Eléctrica, S.A. e o 7 de xullo de 1979 a Dirección Xeral de Obras Hidráulicas aprobou a transferencia a favor de Forzas Eléctricas do Noroeste, S.A. (Fenosa).

Como consecuencia da petición realizada por parte da empresa concesionaria #ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o 23 de abril de 2001 o organismo autónomo de Augas de Galicia resolveu autorizar a modificación da concesión para o aproveitamento integral da conca do río Ulla de forma que a concesión definitiva estará composta polo salto de Portodemouros e outros sete, salto de Portodemouros-caudal ecolóxico, saltos de Lamas I e Lamas II, salto de Brandariz, ou número 1, salto de Touro, ou número 2, salto de Seixo-Belmil e salto de Frádegas, nos concellos de Antas de Ulla e Palas de Rei en Lugo, Arzúa, Santiso e Touro na provincia da Coruña, e Agolada, Lalín, Silleda e Vila de Cruces na de Pontevedra. Ademais, e na mesma resolución, declaráronse de utilidade pública as obras



construtivas do aproveitamento do río para os efectos de expropiación forzosa e imposición de servidumes.

O 9 de maio de 2001 o presidente de Augas de Galicia resolveu autorizar a transferencia da concesión a Unión Fenosa Xeración, S.A., actual titular.

Para rematar, os proxectos construtivos asociados á modificación da concesión foron aprobados pola resolución de Augas de Galicia do 13 de decembro de 2001, modificándose, o 15 de decembro de 2004, a parte da concesión relativa a este salto en particular, de forma que a cota da restitución pasaba de 125 a 123 m.s.n.m.

Together beyond standards **Applus<sup>+</sup>**



Figura 4. Comparación de ortofotos del entorno de estudio (PNOA 2004 y actual)

Detalle da degradación do espazo fluvial do Ulla antes e despois da instalación do encoro de Touro. O impacto ambiental e paisaxístico incrementárase significativamente tras a instalación a planta de hidróxeno de Tasga (imaxe do proxecto).

Non se xustifica a localización da planta de hidróxeno no Río Ulla, tendo en conta que é un río que xa conta con moitos encoros encadenados e con un impacto paisaxístico e ambiental significativo.

### III.- FALLA DE XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA PLANTA DE HIDRÓXENO NO RÍO ULLA. CONSUMO DE CANTIDADES INXENTES DE AUGA NUNHA ÉPOCA DE SECA E CRISE CLIMÁTICA

Indica literalmente o proxecto sectorial da planta de hidróxeno:

**“Como se ha comentado, se trata de un proyecto de generación de hidrógeno verde de 0.5 MW de potencia y una capacidad de producción horaria de 8 kg de H<sub>2</sub>, requiriéndose para ello el aporte de menos de 1 litro/segundo”.**


A escasa producción de hidróxeno “verde” non xustifica o gasto descomunal de auga do río Ulla. Non se xustifica tal consumo nin existe unha relación proporcional entre o consumo de auga e a produción de hidróxeno. Pero ademáis, tampouco se xustifica a viabilidade do proxecto industrial, posto que o proceso de purificación de auga (no que se consume aínda máis auga) é un proceso longo e costoso. Por enriba, a auga rexeitada no proceso de ósmosis sae con metais pesados, a pesar de que a empresa di “ con un ligero porcentaje de minerales mayor que el agua entrante”, o certo é que non especifica as concentracións de metais pesados que se van verter ao cauce público do río Ulla, tras o proceso de ósmosis. É dicir, que é un proceso contaminante. E a maior abundamento, conclue que necesita 10 litros de auga reactiva, con un alto grao de pureza para producir 1 kg de hidróxeno, co cal tendo en conta que no proceso de perde una 50%, a realidade é que necesita 20 litros de auga para producir 1 kg de hidróxeno, e destes 20, 10 serán devoltos ao medio con maior concentración de mineirais.

*“El proceso de electrólisis utiliza al menos 10 litros de agua reactiva (alto grado de pureza) por cada kg de hidrógeno producido. Para obtener esta calidad del agua, la misma debe ser desmineralizada y desionizada. Por ello, el agua entrante a la instalación pasa por un proceso de ósmosis inversa para aumentar su pureza y por una cama de resinas para eliminar los posibles iones presentes en el líquido, todo con el objetivo de estar en las condiciones adecuadas para entrar al propio electrolizador sin dañar la estructura interna por efectos de elementos corrosivos. Aproximadamente 20 litros de agua deben entrar al sistema de purificación del agua, de los cuales un 50 % son rechazados en el proceso de ósmosis inversa, saliendo como efluentes del sistema, con un ligero porcentaje de minerales mayor que el agua entrante (imperceptible por efecto de la dilución), y sin elementos químicos añadidos por parte del sistema o incrementos de temperatura.*

*El proceso de electrólisis utiliza al menos 10 litros de agua reactiva (alto grado de pureza) por cada kg de hidrógeno producido. Para obtener esta calidad del agua, la misma debe ser desmineralizada y desionizada. Por ello, el agua entrante a la instalación pasa por un proceso de ósmosis inversa para aumentar su pureza y por una cama de resinas para eliminar los posibles iones presentes en el líquido, todo con el objetivo de estar en las condiciones adecuadas para entrar al propio electrolizador sin dañar la estructura interna por efectos de elementos corrosivos. Aproximadamente 20 litros de agua deben entrar al sistema de purificación del agua, de los cuales un 50 % son rechazados en el proceso de ósmosis inversa, saliendo como efluentes del sistema, con un ligero porcentaje de minerales mayor que el agua entrante (imperceptible por efecto de la dilución), y sin elementos químicos añadidos por parte del sistema o incrementos de temperatura. Se instalará un sistema de bombeo en la zona de succión, que permita elevar la presión del agua y elevarla la altura necesaria para llegar a la instalación de producción de hidrógeno con el caudal necesario. Será necesario dimensionar el bombeo para poder elevar un caudal de 160 l/h salvando una altura de 12 metros (se tratará de la bomba comercial más pequeña posible). Existirá una canalización de los efluentes de agua generados que se dirigirán a la parte baja de la presa para ser evacuados al río (caudal inferior a 0.1 litros/segundo). La canalización de agua desde la parte alta de la presa hasta la zona de producción de hidrógeno tendrá una longitud aproximada de 156 metros, estará formada por un conducto PE de mínimo 0,45 cm de diámetro según las especificaciones de la norma UNEEN 12201-2. La canalización de los efluentes desde la zona de producción de hidrógeno hasta la restitución del aprovechamiento hidroeléctrico existente tendrá una longitud aproximada de 160 m, por los que transcurrirá a través de un conducto PE de mínimo 0,45 cm de diámetros según las especificaciones de la norma UNE-EN 12201-2. Generalmente, los fabricantes especifican la calidad del agua para ajustarse a los estándares de los electrolizadores. Las especificaciones mínimas son que el agua debe cumplir los parámetros indicados por la American Society for Testing and Materials (ASTM) en su clasificación de agua reactiva, ASTM Tipo II, aunque el nivel de pureza recomendado es el Tipo I”.*

**O proceso de produción por tanto, non é ambientalmente viable en absoluto.**

#### **IV.- AFECCIÓN SEVERA AO HUMEDAL ENCORO DO SALTO DO TOURO**



### **Inventario Zonas Húmidas 114064 Encoro do Salto do Touro**

A fragmentación excesiva dos hábitats e a falla de garantía da conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade destes, unida aos efectos barreira derivados dos encoros, das liñas de alta tensión, dos centros de transformación e das estradas de acceso, implica un risco e un prexuízo para a integridade do espazo e a conservación das especies.

Por outra banda, a necesaria coherencia da Rede Natura 2000 obriga a preservar non só a conectividade lonxitudinal dos cauces da área de actuación senón tamen a conectividade ecolóxica transversal.

A perda de conectividade ecolóxica, vulnera de xeito flagrante a disposición incluída na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. No artigo 87.1. desta lei, se manifesta o seguinte:

*“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”*


No presente caso non só hai que ter en conta os impactos ambientais da planta de hidróxeno, senón tamén os impactos acumulados do conxunto dos 8 encoros encadeados que ten o río Ulla, as liñas de alta tensión que o atravesan ou discorren paralelas, as estradas de acceso, as pontes, as subestacións transformadores eléctricas e demais actividades concorrentes.

Polo tanto, existe na documentación exposta ao público un déficit importante da avaliación dos impactos ambientais, vulnerándose o artigo 35 e seguintes da Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental.

Tampouco se referencia que a promotora dispoña dunha autorización de concesión de augas do Ulla para executar este proxecto e a compatibilidade desta co resto dos aproveitamentos, e máis tendo en conta que o Río Ulla está catalogado como Zona Protexida de Augas Potables e que a empresa titular do encoro de Touro dispón dunha autorización para derivar un caudal máximo de 60.000 litros por segundo. O río

Ulla é un río que sofre un nivel de explotación elevado a pesar da riqueza natural e da biodiversidade que alberga.


## V.- AFECCIÓN SEVERA A HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO



### Hábitats Directiva

Código de la cuadrícula	Código del Hábitat	Prioritario	Descripción español
29TNH64	3260	NO	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de Ranunculion fluitantis y de Callitricho-Batrachion
29TNH64	3270	NO	Ríos de orillas fangosas con vegetación de Chenopodion rubri p.p. y de Bidention p.p.
29TNH64	4030	NO	Brezales secos europeos.
29TNH64	6430	NO	Megaforbios eutrofos hidrófilos de las orlas de llanura y de los pisos montano a alpino.
29TNH64	8220	NO	Pendientes rocosas silíceas con vegetación casmofítica
29TNH64	8230	NO	Roquedos silíceos con vegetación pionera del Sedo-Scleranthion o del Sedo albi-Veronicion dillenii
29TNH64	91E0	*	Bosques aluviales de Alnus glutinosa y Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).
29TNH64	9230	NO	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica.






**Afección severa e irreversible a Bosques aluviales de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, *Alnion incanae*, *Salicion albae*) (\*), hábitats prioritarios**

Id.	42519
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	81E025
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	70%
Alianza	Osmundo-Alnion (Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956) Dierschke & Rivas-Martínez in Rivas-Martínez 1975
Especies alianza	Arisarum proboscideum, Brachypodium gaditanum, Campanula primulifolia, Clematis campaniflora, Frangula alnus subsp. baetica, Holcus grandiflorus, Scrophularia laevigata, Scrophularia scorodonia.


Nombre fitosociológico	Alisedas galaico-portuguesas
Nombre genérico	Alisedas
Código UE habitat	91E0
Prioritario	*



**Afección severa e irreversible a Ríos, de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitriche-Batrachion*, hábitats de interés comunitario**

Id.	42519
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	226011
Naturalidad	3
Porcentaje habitat	5%
Alianza	Ranunculion fluitantis Neuhäusl 1959
Especies alianza	Callitriche hamulata, Callitriche obtusangula, Potamogeton filiformis var. filiformis,


	Potamogeton nodosus, Ranunculus fluitans, Ranunculus penicillatus, Ranunculus pseudofluitans.
Nombre fitosociológico	Comunidades de Ranunculus pseudofluitans con Callitriche lusitanica
Nombre genérico	Vegetación hidrofítica
Código UE habitat	3260
Prioritario	Np
Definición	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de Ranunculion fluitantis y de Callitriche- Batrachion



**Detalle da afección severa e irreversible a masas maduras de carballos afectadas pola planta de hidróxeno**


## **VI.- AFECCIÓN SEVERA A ZONAS PROTEXIDAS DE AUGAS POTABLES “ULLA”**






**O proxecto da planta de hidróxeno afecta a Zonas Protexidas de Augas potables “Ulla” e “Encoro de Brandariz e Encoro de Touro”**

Cód. Temático	ES014MSBT014-005
Esquema temático	euProtectedAreaCode
Nombre	ULLA
Fecha designación	2012-09-14
Tipo de zona	drinkingWaterProtectionArea
Tipo específico de zona	NotApplicable
Nombre base legal	Council Directive 98/83/EC of 3 November 1998 on the quality of water intended for human consumption
Link base legal	<a href="#">Ver link base legal</a>
Nivel de la base legal	european
Área (km2)	2.442,482



Cód. Temático	ES014MSPFES-014-MR-244-000-04-00
Esquema temático	euProtectedAreaCode
Nombre	ENCORO DE BRANDARIZ Y ENCORO DE TOURO
Fecha designación	2016-01-01
Tipo de zona	drinkingWaterProtectionArea
Tipo específico de zona	NotApplicable
Nombre base legal	Council Directive 98/83/EC of 3 November 1998 on the quality of water intended for human consumption
Link base legal	<a href="#">Ver link base legal</a>
Nivel de la base legal	european
Área (km2)	1,173





**Código masa de agua**      **ES014MSBT014-005**


**Nombre masa de agua**      **Ulla**

Superficie (km2)      2.445,648

Código Demarcación Hidrográfica    ES014

Nombre Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA


**VII.- AFECCIÓN A ESPAZOS DA REDE NATURA PRÓXIMOS “SISTEMA FLUVIAL ULLA -DEZA” E “SOBREIRAIS DO ARNEGO” COS QUE CONECTA ECOLÓXICAMENTE A TRAVÉS DA REDE FLUVIAL. AUSENCIA DO INFORME DE REPERCUSIÓNS SOBRE A REDE NATURA 2000. AFECCIÓN SEVERA Á NECESARIA COHERENCIA DESTA**



**CÓDIGO**      **ES1140015**




<b>NOMBRE</b>	<b>SOBREIRAIS DO ARNEGO</b>
Administración competente	Galicia
Nombre del plan de gestión	Plan director de la Red Natura 2000 de Galicia



<b>CÓDIGO</b>	<b>ES1140001</b>
<b>NOMBRE</b>	<b>SISTEMA FLUVIAL ULLA - DEZA</b>
Administración competente	Galicia
Nombre del plan de gestión	Plan director de la Red Natura 2000 de Galicia


**VIII.- AFECCIÓN SEVERA E DANO IRREVERSIBLE PARA Á ÁREA DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO AEIP\_07\_15 RÍO ULLA. O PROXECTO DA PLANTA DE HIDRÓXENO LOCALÍZASE DENTRO DA AEIP\_07\_15 RÍO ULLA**



En azul detalle da AEIP\_07\_15 Río Ulla



## IX.- AFECCIÓN SEVERA E IRREVERSIBLE PARA ESPECIES PROTEXIDAS



Código de la especie 6155  
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
 Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Achondrostoma arcasii**

Código de la especie 1191  
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
 Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Alytes obstetricans**

Código de la especie 1352  
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
 Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Canis lupus**

Código de la especie 1172



Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie** **Chioglossa lusitanica**

Código de la especie 1194

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie** **Discoglossus galganoi**

Código de la especie 1360

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie** **Genetta genetta**

Código de la especie 6929

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie** **Hyla molleri**

Código de la especie 1259

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie** **Lacerta schreiberi**

Código de la especie 1083  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Lucanus cervus**

Código de la especie 1355  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Lutra lutra**

Código de la especie 1036  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Macromia splendens EN PERIGO DE EXTINCIÓN**

Código de la especie 1358  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Mustela putorius**

Código de la especie 1865  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie**      **Narcissus asturiensis,**  
**VULNERABLE**

Código de la especie      6945

Proyección                      ETRS89/ETRS-  
LAEA

Código de la  
Cuadrícula                      10kmE284N237

**Nombre de la especie**      **Pelophylax perezii**

Código de la especie      1095

Proyección                      ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la  
Cuadrícula                      10kmE284N237

**Nombre de la especie**      **Petromyzon**  
**marinus**

Código de la  
especie                      5296

Proyección                      ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la  
Cuadrícula                      10kmE284N237

**Nombre de la especie**      **Pseudochondrostoma**  
**duriense**

Código de la especie      1216

Proyección                      ETRS89/ETRS-  
LAEA

Código de la  
Cuadrícula                      10kmE284N237

**Nombre de la especie**      **Rana iberica**

Código de la especie      1213



Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie Rana temporaria**

Código de la especie 1304

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie Rhinolophus ferrumequinum**

Código de la especie 1303

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie Rhinolophus hipposideros**

Código de la especie 1849

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie Ruscus aculeatus**

Código de la especie 1106

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N237

**Nombre de la especie Salmo salar**

Código de la especie 1174  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Triturus marmoratus**

Código de la especie A269  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Erithacus rubecula**

Código de la especie A349  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE284N237  
**Nombre de la especie Corvus corone**

- **AFECCIÓN SEVERA A ESPECIES CATALOGADAS COMO VULNERABLES E EN PERIGO DE EXTINCIÓN. INFRACCIÓN DA LEI 5/2019, DO 2 DE AGOSTO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE DE GALICIA EN RELACIÓN ÁS ESPECIES CATALOGADAS COMO VULNERABLES OU EN PERIGO DE EXTINCIÓN**

**Con respecto ás especies en perigo de extinción cómpre ter en conta que a:**

☞ **Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece:**

**Artigo 91. Catálogo galego de especies ameazadas.**

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia inclúese o Catálogo galego de especies ameazadas, que se configura como unha sección da devandito listaxe. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.

2. O Catálogo galego de especies ameazadas incluírá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies, subespecies ou poboacións de competencia autonómica conforme ao previsto no artigo 4 que, achándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. Estas especies ameazadas clasificaranse nalgunha das categorías seguintes:

**a) En perigo de extinción.**

Incluiranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable se persisten os factores causantes da súa actual situación.

Dentro desta categoría procede declarar unha especie en situación crítica cando do seguimento ou avaliación do seu estado de conservación resultase que existe un risco inminente de extinción.

#### **b) Vulnerable.**

Incluiranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre eles non son corrixidos.

3. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica, conforme ao previsto no artigo 4, no Catálogo español de especies ameazadas ao que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou na categoría superior á que tivesen no primeiro.

4. Decláranse de utilidade pública e interese social, para os efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa, as obras necesarias para a conservación das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, especialmente as que teñan carácter de emerxencia e urxencia, segundo os casos.

#### **Artigo 95. Efectos da inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas.**

1. Ademais dos efectos previstos no artigo 93, a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación no Catálogo galego de especies ameazadas terá os efectos seguintes:

a) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» conlevará, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, **o cal incluirá as medidas máis adecuadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.**

b) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «vulnerable» conlevará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación, **o cal incluirá as medidas máis adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.**

2. Os plans de recuperación e conservación fixarán medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies.

3. Para aquelas especies, subespecies ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación, hábitats ou ámbitos xeográficos similares poderán elaborarse plans que comprendan varias especies, subespecies ou poboacións simultaneamente, denominándose en leste caso plans integrais.

4. Os plans de recuperación ou conservación ou os plans integrais das especies, subespecies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción nalgún dos espazos naturais protexidos incluídos na Rede galega de espazos protexidos ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais poderán integrarse nos seus correspondentes instrumentos de planificación.

**5. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde.** A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

Constátase a existencia de especies protexidas e catalogadas como vulnerables polo Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto).

Toda a fauna silvestre ten unhas garantías de conservación é un réxime de protección xeral (artigo 88 e seguintes da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e a biodiversidade) aínda que non estean catalogadas.

Artigo 88. Garantía de conservación das especies.

*1. A Administración autonómica adoptará, no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats, con especial atención ás especies autóctonas e aos seus hábitats, e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira.*

## XII.- INFRACCIÓNS NORMATIVAS

- **Infracción dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.**

Artigo 6

*1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.*

*2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.*

***3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en cuenta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.***

*4. Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, debese realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, o Estado membro tomará cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida. Devandito Estado membro informará á Comisión das medidas compensatorias que adoptase.*

*No caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/o unha especie prioritarios, unicamente poderanse alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, ou*



relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente, ou ben, previa consulta á Comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde.

- **Infracción do DECRETO 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.**

### Artigo 39. Paisaxe

#### 1. Obxectivos.

a) O recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe co fin de preservar todos os elementos que a configuran nun marco de desenvolvemento sustentable, entendendo que a paisaxe exerce unha función principal de interese xeral nos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

b) Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes existentes no espazo natural, así como manter as actividades sustentables que os modelaron (agricultura, silvicultura e gandaría), os costumes tradicionais existentes e os compoñentes naturais e elementos construtivos destes.

c) Mitigar os elementos artificiais que a nivel estrutural e funcional actúan como barreiras, así como fortalecer a conservación daqueles de carácter natural ou seminatural que constitúen corredores ecolóxicos que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

d) Nas actuacións susceptibles de alterar ou modificar a paisaxe natural do espazo natural teranse especialmente en conta as súas repercusións sobre a calidade paisaxística e adoptaranse cantas medidas sexan necesarias co obxecto de minimizar as consecuencias. En tal sentido, os proxectos que teñan por obxecto este tipo de actuacións e especial incidencia sobre a paisaxe supervisaranse co fin de garantir o cumprimento do expresado neste artigo.

#### 2. Directrices.

a) Establecerase un programa de recuperación daquelas áreas que conteñan elementos da paisaxe degradados e priorizaranse as áreas de maior accesibilidade visual.

b) Restaurarase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo.

c) Procurarase evitar a introdución no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe. Non obstante, poderán establecerse as infraestruturas que sexan imprescindibles, de acordo coas prescricións do presente plan, procurando minimizar o seu impacto sobre o medio.

d) Velarase polo mantemento do territorio do espazo natural libre de residuos e verteduras, e aplicarase a normativa vixente na materia. Eliminaranse os vertedoiros e entulleiras incontrolados.

e) Teranse en conta criterios paisaxísticos na planificación das repoboacións forestais e a ordenación das masas arborizadas preexistentes.

f) O impacto paisaxístico deberá ser especialmente tido en conta nos proxectos de infraestruturas lineais e nas actuacións realizadas en áreas de alta visibilidade.

g) O órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá determinar aquelas singularidades da paisaxe, tanto elementos naturais como culturais, que deban ser preservados e delimitará o seu ámbito de protección, tendo en conta a súa bacía visual.

h) O órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza velará para que as repoboacións forestais e os tratamentos silvícolas non supoñan unha deterioración apreciable da paisaxe característica do espazo natural.

### 3. Normativa xeral.

Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión da paisaxe, aplicarase en conformidade cos artigos 6 da Directiva 92/43/CEE e 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, o disposto na normativa que resulte de aplicación.

- **Infracción dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres**

#### Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

Existe a obriga de manter os hábitats de interese comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación.

- **O CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DA INSTALACIÓN DA PLANTA DE HIDRÓXENO DE TASGA. INFRACCIÓN DA DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO DO 16 DE ABRIL DE 2014 POLA QUE SE MODIFICA A DIRECTIVA 2011/92/UE, RELATIVA Á AVALIACIÓN DAS REPERCUSIÓNS DE DETERMINADOS PROXECTOS PÚBLICOS E PRIVADOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE**

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en cuenta, en particular:

a) o uso presente e aprobado da terra;

b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);

c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

i) **humidais, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,**

ii) zonas costeiras e medio mariño,

**iii) zonas de montaña e de bosque,**

*iv) reservas naturais e parques,*

**v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,**

*vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,*

*vii) áreas de gran densidade demográfica,*

**viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.**

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a instalación da planta de hidróxeno. Cómpre ter en conta que o Río Ulla conecta ecolóxicamente de xeito lonxitudinal cos espazos da Rede Natura 2000 “Sobreirais do Arnego” e “Sistema Fluvial Ulla -Deza”.

Cómpre ter en conta tamén a importancia do patrimonio arqueolóxico localizado na entorna do proxecto.

En virtude do anterior,

#### **SOLICITA:**

1.- Teña a esta parte como persoada e parte no expediente relativo á solicitude de autorización ambiental integrada e o estudo de impacto ambiental para unha planta de produción de hidróxeno “verde” no encoro de Touro, concello de Vila de Cruces (Pontevedra) (expediente 2023-IPPC-I-34), DOG Núm. 149, de 7 de agosto de 2023.

2.- O rexeitamento da solicitude de autorización ambiental integrada e o estudo de impacto ambiental para unha planta de produción de hidróxeno “verde” no encoro de Touro, concello de Vila de Cruces (Pontevedra) (expediente 2023-IPPC-I-34), DOG Núm. 149, de 7 de agosto de 2023. O proxecto da planta de hidróxeno afecta á Rede Natura 2000 “Sistema fluvial Ulla -Deza” e “Sobreirais do Arnego” coa que conecta a través do río Ulla, afecta á Zonas protexidas de Augas potables, a Áreas de especial interés paisaxístico, a humedais catalogados, a hábitats prioritarios e de interés comunitario e a especies protexidas catalogadas en perigo de extinción como *Macromia splendens* e outras catalogadas como vulnerables.

A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde.

Non se xustifica a necesidade do proxecto da planta de hidróxeno nin a viabilidade ambiental do mesmo, xa que necesita 10 litros de auga reactiva, con un alto grao de pureza para producir 1 kg de hidróxeno, calculando en conta que no proceso se perde un 50%, a realidade é que necesita 20 litros de auga para producir 1 kg de hidróxeno, e destes 20, 10 serán devoltos ao medio con maior concentración de mineirais e por tanto, de metais pesados.

3.- Acceso á concesión de augas da mercantil promotora e ao expediente administrativo da concesión da mesma.

4.- Acceso aos informes sectoriais determinantes ou relevantes para a resolución do procedemento relativo á solicitude de autorización ambiental integrada e o estudo de impacto ambiental para unha planta de produción de hidróxeno “verde” no encoro de Touro, concello de Vila de Cruces (Pontevedra). Titular Tasga Renovables, S.L. (expediente 2023-IPPC-I-34), DOG Núm. 149, de 7 de agosto de 2023. Déselle a esta parte o correspondente trámite de audiencia cando proceda.

Vila de Cruces, 2 de setembro de 2023

Asdo.- \_\_\_\_\_